

**Míguez, Vitor. 2024. *Revisiting Modality. A corpus-based study of epistemic adverbs in Galician*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company, 234 pp. ISBN: 9789027214737 <https://doi.org/10.1075/ihl.40>**

Mercedes González Vázquez<sup>1, a</sup>  
<sup>1</sup>Universidade de Vigo, España

✉ [amercedes@uvigo.gal](mailto:amercedes@uvigo.gal)

Recibido: 07/08/2025; Aceptado: 10/09/2025

O libro *Revisiting Modality: A corpus-based study of epistemic adverbs in Galician*, do investigador Vitor Míguez do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela, constitúe, sen dúbida, unha achega moi significativa aos estudos lingüísticos galegos. Publicado en 2024, o volume pertence á colección *Issues in Hispanic and Lusophone Linguistics* da editorial John Benjamins, adicada a afondar nos estudos das linguas romances, tanto hispánicas como lusófonas.

O volume aborda a modalidade en galego dende unha dobre perspectiva. Por unha banda, perfila o concepto de modalidade a partir de diversos marcos teóricos, o cal implica explicar as complexas relacións con outras categorías gramaticais, semánticas e pragmáticas, como o modo, o tempo, a evidencialidade, a intersubxectividade e a mitigación. Por outra banda, empregando unha metodoloxía de análise de corpus, examina seis adverbios modais epistémicos: *certamente*, *seguramente*, *posiblemente*, *probablemente*, *quizais* e *se cadra*. Baséandose nos datos extraídos do Corpus de Referencia do Galego Actual (<http://corpus.cirp.gal/corga/>; 2022, v. 4.0), Míguez realiza un estudo descritivo e estatístico da combinatoria sintagmática e contidos pragmáticos destes adverbios co obxectivo de revelar como os falantes e escritores galegos fan uso deles, e comprobar as diferenzas de emprego.

A obra divídese formalmente en catro partes, das cales a primeira e a última constitúen o preliminar e as conclusións, respectivamente. O núcleo do volume atópase, xa que logo, na segunda parte (catro capítulos adicados á presentación teórica da modalidade) e na terceira parte, a análise dos adverbios mediante corpus.

O primeiro capítulo, *Introduction*, ofrece un percorrido histórico pola modalidade, dende as súas orixes na lóxica aristotélica ata a concepción vixente na actualidade. Seguindo a van der Auwera e Zamorano Aguilar (2016), a análise comeza na lóxica aristotélica, continúa na distinción filosófica medieval entre *modus* e *dictum* proposicional (recollida por Bally 1965), e ao fin, atopa a primeira mención explícita do termo *modalidade* en Kant (1781), referíndose aos valores de necesidade e posibilidade lóxicos. Dende estes precursores, o capítulo avanza cara

aos traballos clásicos do século XX (Palmer 1986, 1990; Lyons 1977; Hengeveld 1989; Bybee et al. 1994), de fonda influencia, e achegas máis recentes do XXI de autores como Nuyts (2005, 2016), Narrog (2012), etc. Tras a revisión histórica, cambia de perspectiva e prosegue cun apartado de presentación de estudos ao redor da modalidade na lingüística galega. O autor recoñece a escaseza de achegas teóricas e conceptuais, se ben sinala que nos traballos de “Freixeiro Mato (2000/2006a) e Álvarez e Xove (2002) pódense detectar trazas de modalidade no tratamento das perífrases verbais e o modo, os adverbios e os marcadores textuais.” (páx. 8; tradución nosa).

Na panorámica das contribucións da lingüística galega á modalidade, examínanse os auxiliares modais e algúns adverbios. No que se refire aos auxiliares en galego —*deber, poder, haber que / de, ter que / de*—, menciona a investigación pioneira de Rojo (1974), que ofreceu a primeira descrición exhaustiva das perífrases verbais galegas. Salienta, así mesmo, o estudo contrastivo galego-alemán de Montero Küpper (1999) e a contribución de Álvarez & Xove (2002). Para completar a revisión das formas verbais modais galegas, o estudo contrastivo de Loureiro-Porto (2014) sobre o verbo impersoal de necesidade *cómpre* e os seus equivalentes ingleses *need* e *behoove* abriu novas vías de estudo dentro da modalidade deóntica. No que concirne a marcadores e adverbios, puntualiza a existencia dos marcadores *disque* e *seica*, se ben non os categoriza, e alude aos estudos diacrónicos de gramaticalización e construcionalización destas partículas (Sousa 2012; Cidrás 2016). Así mesmo, refírese ás análises semánticas e pragmáticas feitas sobre estes dous marcadores (Rosales Sequeiros 2000; González-Vázquez 2021, 2022). Finalmente, presta atención ao adverbio modal epistémico *se cadra* (Rodríguez Espiñeira 2019), así como ao traballo de García Represas (2001). En definitiva, este capítulo ofrece tanto unha perspectiva histórica sobre a orixe e evolución da modalidade, como unha visión xeral da modalidade en galego, principalmente dos verbos modais.

O capítulo 2, *The concept of modality*, afonda na natureza da modalidade, examinando os principais enfoques tradicionais, con especial énfase nos traballos de Lyons (1977) e Palmer (1990) e ampliando esta revisión aos enfoques funcionalista (Hengeveld 1989, 2004) e semántico-cognitivo de van der Auwera e Plungian (1998). En consonancia coa concepción clásica imperante na bibliografía e seguindo a Nuyts (2001, 2017), Míguez describe polo miúdo os tres contidos nucleares da modalidade: dinámico, deóntico e epistémico.

A modalidade deóntica comeza sendo definida de xeito tradicional en termos de permiso e obriga (i.e., indicación da posibilidade ou necesidade dun Estado de Cousas (SoA) en relación cun código moral), para rematar cun reaxuste conceptual que presentaremos máis adiante ao tratarmos o capítulo 5. A modalidade dinámica (tamén coñecida como *root modality*, Bybee et al. 1995) atribúe unha habilidade, capacidade ou unha necesidade a un participante dun Estado de Cousas (SoA). Dada a diversidade interna destas dúas dimensións modais, deóntica e dinámica, o autor detense nalgunhas subdivisións, sobre todo no interior da modalidade dinámica. Comenta a categorización de Palmer (1990, 2001) de dous tipos de posibilidade dinámica (habilidade e volitiva); a subdivisión de van der Auwera & Plungian (1998) entre a modalidade dinámica interna e externa ao participante e, finalmente, a chamada “situational dynamic modality” (Nuyts 2017), baseada na modalidade dinámica externa ao participante.

Pasando ao terceiro tipo de modalidade, a modalidade epistémica é concibida aquí de xeito clásico como a avaliación das probabilidades de que un SoA ocorrese/ocorra/ocorrerá ou como a expresión do compromiso do falante coa súa mensaxe en termos de posibilidade e necesidade. Non entra o autor en valorar distincións polémicas como as diferenzas entre a modalidade epistémica especulativa, dedutiva e asuntiva (Palmer 2001), nin menciona a problemática

subdivisión de Lyons (1977) entre modalidade epistémica obxectiva e subxectiva (González-Vázquez 1998, 2000; Olbertz & Dall'Aglio Hattner 2018). Esta última distinción atopáramola mencionada brevemente no capítulo 5, servindo de base para a explicación da intersubxectividade. Deste xeito, a modalidade epistémica presenta, segundo o autor, maior coherencia ca a dinámica e a deóntica.

O percorrido polos contidos non remata nesta clasificación tripartita, senón que dá acubillo tamén á modalidade volitiva (ou bulomaica), caracterizada como a expresión de desexos, intencións e expectativas. Nesta presentación dos contidos modais, Míguez revisa, así mesmo, a proposta específica da Gramática Funcional (Hengeveld 1989, 2004), na que se establecen cinco contidos modais: deóntico, epistémico, volitivo, facultativo e evidencial. Os contidos deóntico, epistémico e volitivo corresponden aos valores estándar que acabamos de comentar. Pola súa banda, a modalidade facultativa identifícase cos significados da modalidade dinámica (*root modality*), mentres que a modalidade evidencial corresponde á categoría evidencial inferencial incluída na proposta de Hengeveld (1989) como un subtipo de modalidade.

Como conclusión a este capítulo, o feito de que exista disparidade na división interna da modalidade dinámica e deóntica e, pola contra, a modalidade epistémica amose unha definición bastante unificada, conduce o autor a afirmar “que a noción tradicional de modalidade non é coherente e as concepcións tradicionais da modalidade son problemáticas, polo que non deben ser consideradas categorías básicas de análise”. Por iso, propón “unha supercategoría que abrangue diferentes tipos de xuízos de actitude” (páx. 87). Esta supercategoría comprende a modalidade deóntica, a modalidade epistémica, a modalidade afectiva e a modalidade inferencial que presentará no capítulo 5.

Avanzando no percorrido teórico, no capítulo 3, *Functionalist approaches to modality*, expóñense cinco concepcións modais de marcos funcionalistas: a gramática funcional (Hengeveld 1989, 2004), a gramática funcional sistémica (Systemic Functional Grammar, Halliday 2014), a gramática do rol e da referencia (Role & Reference Grammar, Foley & Van Valin 1984), a gramática funcional procedimental (Functional Procedural Grammar/ the paradigmatic approach (Nuyts 2001, 2017) e a perspectiva discursiva adoptada nos enfoques funcionais. Pódese dicir que as análises funcionalistas lle serven de fundamento ao autor para partir dunha estrutura interna da predicación organizada en capas ou niveis onde operan as distintas cualificacións. A predicación nuclear é cualificada por operadores e satélites en cada nivel ata chegar ao nivel máis alto, o ilocutivo. A modo de exemplo, os adverbios modais, analizados na terceira parte do libro, exercen alcance ou operan semanticamente sobre diferentes niveis (sobre toda a proposición, sobre unha parte de predicación e no nivel ilocutivo). Deste xeito, dentro da estrutura interna da cláusula existe unha xerarquía nas cualificacións dos Estados de Cousas. A evidencialidade inferencial e as modalidades epistémica e deóntica poden operar ao mesmo nivel ca o tempo e ca dous tipos de modificación aspectuais. Neste sentido, o alcance da modificación dos adverbios é un tema fundamental nos estudos modais e forma parte das variables analizadas no capítulo 7, adicado ás propiedades sintácticas e á combinatoria sintagmática dos adverbios.

Como resumo destes tres primeiros capítulos teóricos, a modalidade, para o autor, non é coherente nin como noción lingüística analítica nin como categoría cognitiva. Así mesmo, como se comenta na bibliografía, a clasificación dos contidos vencellouse historicamente á existencia dos auxiliares modais, coa limitación tipolóxica que isto supón, polo que non pode dar conta das formas modais de moitas linguas. Por este motivo, propón unha alternativa no capítulo 5.

No Capítulo 4, *Modality and neighboring categories*, discútese as relacións entre a modalidade e categorías conexas como a evidencialidade, a (inter)subxectividade, o tempo verbal, o modo, o aspecto e a mitigación. Refléctese neste capítulo a vella e debatida interacción existente entre a modalidade e a evidencialidade inferencial en termos de solapamento ou

inclusión. Concorde con Nuyts, entre outros, en que a modalidade epistémica e a inferencialidade, aínda que manteñan conexión a través do proceso cognitivo conxectural, son diferenciábeis no dominio conceptual. Ao igual que na proposta de Hengeveld e Nuyts, nesta obra a inferencialidade pasa a formar parte do dominio da modalidade, como un subtipo modal diferenciado da epistémica. Pasando á relación coa intersubxectividade, preséntase aquí brevemente a subdivisión entre a modalidade epistémica obxectiva e subxectiva (Lyons 1977), na cal se basea este concepto. Tras comparar os conceptos de subxectividade e a intersubxectividade de Traugott (2010) e Nuyts (2001, 2017) opta por asumir o concepto de intersubxectividade de Nuyts, concibíndoo como a responsabilidade individual vs. compartida dun xuízo modal. No que atinxe ás relacións coas categorías de tempo, aspecto, modo (TAME), cómpre salientar a atención adicada á relación entre a modalidade epistémica e o futuro hipotético, non, pola contra, a outros tempos como o condicional.

Finalmente, a interacción coa mitigación (e, en menor medida, co reforzo) ocupa un papel fundamental no libro. A mitigación non só establece unha liña divisoria na análise do significado dos adverbios do capítulo 8, senón que a defensa da súa independencia respecto da modalidade epistémica é unha das teses principais da obra. A mitigación é nesta obra entendida exclusivamente como estratexia pragmática identificada coa teoría de cortesía negativa de protección da imaxe (Levinson 1987). Para Míguez, a mitigación posúe un compoñente cognitivo pragmático no mesmo sentido no que Albelda Marco & Estellés Arguedas (2021: 71-83) enfatizan: “mitigation is the result of a speaker reading her hearer’s mind and suspecting her image in the hearer’s eyes might be endangered”. Máis concretamente, Míguez defínea así: “Mitigation is a discourse strategy whose aim is to reduce the force of the assertion, for face-saving purposes [...]. In essence, mitigation is a way of sounding less aggressive in order for the message to come across as less unfavorable towards someone” (páx. 154). Máis adiante afirma claramente que os casos típicos de mitigación implican un acto de fala directivo, que ameaza inherentemente a imaxe negativa do interlocutor, é dicir, o desexo de ter “liberdade de acción” (Brown & Levinson 1987; páx. 155). En definitiva, segundo o autor “For an epistemic expression to convey mitigation it must play a role in face management, particularly, it must contribute directly to avoiding a face-threatening act” (páx. 195). Xa que logo, resulta inevitable separar os valores puramente epistémicos dos mitigadores e, do mesmo xeito, defender que a mitigación, neste sentido pragmático, é independente da modalidade epistémica.

Entender a mitigación como unha estratexia pragmática de protección da imaxe comporta dúas consecuencias no libro. En primeiro lugar, significa cambiar de nomenclatura e denominar a cortesía negativa en termos de mitigación. Xorde o inconveniente, con este cambio terminolóxico, de que a mitigación ve limitado ou eliminado o seu valor semántico que, lembremos, abrangue non só conceptos relacionados coa diminución exclusivamente semántica da forza veritativa do contido proposicional (*downgrading* ou *weakening*), senón tamén conceptos relacionados co *hedging* (Lakoff, 1972), a *linguaxe vaga* (*vague language* ou *vagueness*), etc. Implica, por conseguinte, a desaparición da mitigación *per se*, entendida como dominio semántico con manifestacións léxicas concretas que non necesariamente toma en consideración a perspectiva pragmática do oínte/lector. En segundo lugar, unha vez asumida a mitigación como estratexia de cortesía negativa, prodúcese a ineludible independencia da modalidade, porque unha é estratexia pragmática (concepto de mitigación) e a outra un valor semántico (a modalidade). Provocaría este cambio terminolóxico a necesidade de renomear a mitigación semántica (a diminución ou debilitamento da forza veritativa da predicación carente de finalidade de cortesía negativa fronte a enunciados aseverativos).

Deixando atrás a cuestión das interconexións categoriais e introducíndonos no capítulo 5, titulado *Modality revisited*, aquí non só se ilustran e contextualizan algunhas das propostas teóricas previas mediante exemplos concretos extraídos do CORGA (Corpus de Referencia do

Galego Actual), senón que se vai un paso máis alá coa presentación dunha teoría modal baseada en Nuyts (2005, 2017). Esta achega caracteriza a modalidade como unha *supercategoría* que abrangue catro tipos de cualificacións actitudinais definidas por tres propiedades (pp. 86-88). As devanditas propiedades que caracterizan os contidos modais corresponden, de xeito xeral, ás habituais na bibliografía. En primeiro lugar, a estrutura escalar, i.e., o dominio semántico dunha cualificación actitudinal ten tres ou máis valores que corresponden a diferentes graos da mesma propiedade. En segundo lugar, o alcance amplo proposicional ou sobre a predicación. Finalmente, o concepto de flexibilidade performativa descrito como: “As cualificacións actitudinais expresan a actitude do falante, o que significa que manifestan un compromiso por parte do falante e o identifican como responsable da cualificación” (páx 86). Onde reside a novidade da proposta é no ámbito nocional que cobre a modalidade. Os catro ámbitos nocionais de cualificación actitudinal están conformados pola modalidade deóntica, a epistémica, a inferencial, ás cales engade a modalidade afectiva. Nesta caracterización cómpre subliñar varios aspectos. Por unha banda, a exclusión da modalidade dinámica, eliminación debida a que os seus valores non forman unha escala, senón unha oposición binaria. Ademais, amosa un alcance limitado —restrinxido por marcadores temporais ou espaciais— e carece de usos performativos, xa que a modalidade dinámica está orientada ao participante do SoA. De acordo con Nuyts, o valor dinámico muda de categoría e pasa a formar parte do aspecto cuantitativo (páx. 87). Por outra banda, inclúense a inferencialidade e a actitude afectiva como parte da modalidade. Se ben a modalidade inferencial xa foi recoñecida en diversas teorías (Hengeveld 1987; Nuyts 2017), porén, a incorporación da modalidade afectiva é un elemento diferencial respecto a outros marcos, agás o de Nuyts (2017).

Canto á modalidade afectiva, é definida como unha indicación do grao de afecto ou desafecto do falante cara ao Estado de Cousas (SoA) ao que se refire. Concretamente, os valores afectivos maniféstanse nunha escala que abrangue dende o afecto pleno ata o desafecto total, cunha posición intermedia de indiferenza. Para Míguez, os mecanismos de expresión inclúen adverbios como *afortunadamente*, *lamentablemente*, *por desgraza* e *por sorte*, o predicado complexo *dar igual* e construcións con verbos como *gustar*, *encantar*, *odiar* e *aborrecer*. A conexión entre este valor afectivo e o concepto xeral de modalidade establécese a través da aceptabilidade ou inaceptabilidade moral. O autor sinala que “a aceptabilidade ou inaceptabilidade moral pode implicar afecto ou desafecto, respectivamente, no dominio afectivo, mentres que o afecto ou desafecto pode implicar aceptabilidade ou inaceptabilidade moral, respectivamente, no dominio deóntico” (páx. 91; tradución nosa). Para o autor, a falta de atención a esta dimensión afectiva atribúese ao feito de que non se expresa a través de medios gramaticais como son os verbos auxiliares. A argumentación promove, xa que logo, unha ampliación do concepto modal para dar acubillo a numerosos contidos de actitude afectiva e avaliativa que adoitan estar inseridos na bibliografía baixo a denominación *attitudinal stance* ou tamén *appraisal* (Martin & White 2005).

No que concirne á modalidade inferencial, reproducimos a súa definición nas palabras de Míguez: “Inferential modality is an indication of the degree of reliability of the inferential process that justifies the existence of the SoA.” (páx. 95). Esta definición reabre a polémica da interacción e solapamento da modalidade e a evidencialidade. Como medios de expresión inclúe, como é habitual, as formas modo-evidenciais: os verbos *deber (de)*, *haber (de)* e *ter que*; o futuro; e adxectivos e adverbios como *claro*, *evidente*, *obvio*, *evidentemente* e *obviamente*. Tamén pertencen a este contido modal expresións que dende outras perspectivas son consideradas evidenciais (González-Vázquez 2022, 2023): *aparentemente*, *claramente*, o verbo *parecer* e verbos cognitivos como *imaxinar*, *sospeitar* e *supoñer* (páx. 95).

Alén do que acabamos de comentar, que afecta ás modalidades dinámica, afectiva e inferencial, a modalidade deóntica é, asemade, reformulada, como xa adiantamos. O reaxuste

implica, seguindo a Nuyts et al. (2010), describir a modalidade deóntica como unha avaliación en termos de (in)aceptabilidade moral, excluindo así o enfoque binario directivo. Seguindo esta condición, queda definida como a indicación do grao de desexabilidade moral do SoA expresada polos auxiliares *deber (de)*, *haber (de)*, *haber que*, *poder* e *ter que*, o (semi-)auxiliar *cómpre* e os adxectivos *acceptable*, *esencial*, *conveniente* e *lamentable*. Así mesmo, son deónticos nesta concepción os verbos *aplaudir* e *condenar* (pp. 88-90). O cambio de concepción é drástico porque rexeita a clásica distinción binaria entre o posible/permitido e o necesario/obligatorio e permite a entrada a outras dimensións nocionais actitudinais e avaliativas-afectivas moi extensas.

Trala exposición teórica de cinco capítulos sobre diversas concepcións de modalidade e a súa relación coas categorías veciñas, dáse paso á terceira parte do libro, *A focus on epistemic adverbs*, a parte máis analítica da obra e centrada no estudo de corpus dos adverbios epistémicos *certamente*, *seguramente*, *probablemente*, *posiblemente*, *quizais* e *se cadra*. Comeza esta parte co capítulo 6, *Corpus and method*, na que se explica o proceso de extracción de 300 ocorrencias de cada adverbio, resultando en 1.800 observacións analizadas do Corpus de Referencia do Galego Actual (máis de 43 millóns de palabras dende 1975 ata 2020). As mostras foron analizadas estatisticamente por varios procedementos, tales como medidas de asociación, probas de independencia e regresión loxística. Todos os procedementos estatísticos foron levados a cabo utilizando a aplicación estatística de código aberto R. Antes de amosar os resultados, Míguez detense na explicación das decisións tomadas sobre a escolla dos datos do corpus. Así, as ocorrencias dos adverbios foron descartadas se non tiñan alcance sobre a predicación ou a proposición. Isto desbota os casos nos que o adverbio funciona como un modificador de frase que opera soamente sobre unha parte do Estado de Cousas (por exemplo: *Está na casa, probablemente dende onte*). Tamén exclúe os usos de *certamente* como intensificador adxectivo (por exemplo, *certamente bo*). Así mesmo, rexeita ocorrencias onde o adverbio opera sobre unha predicación con forma verbal non finita (infinitivo, xerundio ou participio), en consecuencia, analiza a variable de modo e referencia temporal das formas verbais. Finalmente, é desbotada a forma verbal *-ra* no caso de ser ambigua entre dúas categorías morfolóxicas (antepretérito do indicativo e o pretérito imperfecto de subxuntivo). Tras os criterios de extracción dos datos, pasa a explicar a disposición na escala epistémica dos seis adverbios. Dentro da escala epistémica, os adverbios *quizais*, *se cadra* expresan o grao de posibilidade, mentres que *posiblemente*, *probablemente* e *seguramente* concirnen á expresión da probabilidade. Pola súa banda, *certamente* sinala certeza. Neste punto recoñece brevemente o autor a diferente visión existente na bibliografía galega respecto do último adverbio. Os adverbios de certeza *abofé*, *certamente*, *realmente* e *verdadeiramente*, segundo Álvarez & Xove (2002, p. 628) son modalizadores, ao contrario da opinión de Freixeiro Mato (2005), quen os considera marcadores discursivos da clase dos operadores de reforzo. Esta discrepancia na bibliografía galega é importante porque amosa a multifuncionalidade de *certamente* que, ao igual que ocorre na bibliografía do castelán e doutras linguas, se debate na fronteira entre modalizador e marcador discursivo. Na descrición das propiedades sintagmáticas, sinala Míguez “o adverbio máis forte, *certamente*, é anómalo en moitos aspectos (polaridade, posición, referencia temporal...), mentres que as expresións de probabilidade difiren entre si só en pequenos detalles, e os adverbios de posibilidade teñen as súas propias particularidades.” (páx. 146; tradución nosa). Podería ser que, dada a súa idiosincrasia, *certamente* se sitúe fóra do núcleo da modalidade e, dada a súa similitude coas formas factivas de posicionamento tales como *é certo que*, *é verdade que*, *realmente* etc. sexa máis conveniente situalo no interior do posicionamento epistémico (*epistemic stance*).

Para a análise detallada dos seis adverbios, subdivídense en parellas do seguinte xeito: *certamente/seguramente*; *probablemente/posiblemente* e *quizais/se cadra*. Tal subdivisión en

pares resulta axeitada, visto que a nivel conceptual amosan concomitancias entre eles (agás a parella *certamente/seguramente*), facilitando así a exploración das súas similitude e diferenzas.

Verbo das variables analizadas de cada adverbio, ademais da variable significado, subliñamos catro das moitas estudadas. A primeira é a frase adverbial, onde se analizan os modificadores do adverbio. Esta variable achega información sobre a gradabilidade do valor semántico codificado polo adverbio. A segunda é a frase verbal con forma finita. Nela, estúdase a polaridade, o modo e o lema do verbo. Debido ao gran número de lemas, anótanse de forma independente os cinco máis empregados (*estar, haber, poder, ser, ter*), agrupando o resto na categoría xeral “verbo”. Non se inclúe o tempo verbal como variable, pero si a referencia temporal, que comprende de xeito global tres categorías: pasado, presente e futuro. A terceira variable salientable atinxe ao tipo de oración e á posición do adverbio. Deste xeito, as ocorrencias adverbiais foron clasificadas segundo o tipo de cláusulas —principais, subordinadas, comparativas e insubordinadas— e o lugar que ocupa o adverbio na oración (inicial, preverbal, medial, final). Como cuarta variable, cómpre subliñar o contraste oral/non-oral, se ben admite o autor que o CORGA se compón principalmente de lingua escrita. Porén, este feito non impide que se poida realizar unha análise da oralidade, xa que certos textos escritos reproducen a lingua falada, como ben recalca o autor (diálogos na prosa de ficción, citas directas na prensa e entrevistas en ensaios e nos xornais).

Os dous seguintes capítulos, 7 e 8, constitúen o núcleo do estudo do corpus. O Capítulo 7, *Epistemic adverbs Syntagmatic and paradigmatic properties*, e o capítulo 8, *Epistemic adverbs A pragmatic approach*, presentan os resultados estatísticos dende dúas perspectivas. O capítulo 7 mostra unha abordaxe sintagmática, centrándose nas expresións co-ocorrentes e nas propiedades sintagmáticas e paradigmáticas destes adverbios examinados no seu contexto lingüístico. Presta atención á co-ocorrencia co modo ou con outros modificadores adverbiais, á copresenza de diferentes mecanismos modais na mesma cláusula, como por exemplo, os adverbios epistémicos, ao tempo futuro e aos auxiliares inferenciais (*deber (de) e haber de*). Son diversas as conclusións que defende concernentes a varios aspectos. A modo de exemplo canto á posición dos adverbios epistémicos, postula a súa posición inicial na cláusula e a curta distancia mantida do verbo principal. Respecto do tipo de SoA no que adoitan presentarse, conclúe que abranguen acotío estados de cousas non controlados e non dinámicos. Na análise que acomete dos modificadores de grao, sinala que só os adverbios *seguramente, probablemente, posiblemente* aceptan modificadores como *moi e máis*. Así mesmo, o estudo da alternancia de modo permítelle concluír tres trazos de comportamento: *certamente* combínase exclusivamente co indicativo; *seguramente e se cadra* co-ocorren co subxuntivo nunha porcentaxe baixa, ao redor do 4 % e, o terceiro trazo, *probablemente, posiblemente e quizais* aparecen co subxuntivo en máis do 25 % das ocasións. Verbo da referencia temporal, é destacable que todos os adverbios adoiten xurdir máis nos contextos de presente e pasado ca en contextos de referencia futura. Remata o capítulo presentando algunhas implicacións diacrónicas, con especial atención ao adverbio *se cadra*.

Avanzando no capítulo 8, o penúltimo capítulo desenvolve o enfoque pragmático con exemplos extraídos do CORGA. Malia que o autor non o explicita, os exemplos correspóndense coa pragmática da cortesía negativa, que busca preservar a autoimaxe do falante/escritor. Ademais da análise cualitativa, ofrécese datos estatísticos dos usos discursivos mitigadores e dos puramente epistémicos. Míguez comeza presentando unha serie de hipóteses, entre as cales subliñamos dúas: a consagrada ao adverbio *certamente* e a hipótese que vencella o rexistro oral (contextos orais no corpus) cos usos orientados ao discurso. A segunda hipótese foi rexeitada polos datos (páx.185), desvencellando esta relación. Sobre a primeira hipótese predí que: “O significado epistémico en *certamente* é marxinal e vulnerable á ambigüidade con outro(s) significado(s) máis viable(s)” (páx. 147). Admite a particularidade deste adverbio xa que, entre

outras particularidades, se caracteriza por activar a polifonía no discurso. Como é recoñecido na bibliografía, o valor polifónico permite que o falante/escritor amose o seu acordo cunha fonte externa, codificando así tamén a intersubxectividade.

Volvendo á cuestión dos usos puramente epistémicos e dos usos orientados ao discurso, diferéncianse principalmente tres usos discursivos: a mitigación, o reforzo e o valor tendencioso (*tendency*). No valor tendencioso, o adverbio promove unha orientación determinada nunha pregunta polar que, en principio, sería neutra (p. ex., con *quizais* e *se cadra*, pp. 148 e 168). Engade outros dous empregos discursivos de escasa presenza: condicionalidade, para as situacións nas que *se cadra* é prótase condicional, e a posibilidade dinámica situacional, nos casos nos que o adverbio expresa a potencialidade como característica inherente ao Estado de cousas (pp. 148-149). Un aspecto salientable deste capítulo é que a decisiva fronteira trazada no capítulo 4 entre a modalidade epistémica e a mitigación e o reforzo estratéxicos (estratexias pragmáticas discursivas), por outra, é aquí exemplificada. Para a mitigación, afóndase nas ocorrencias do CORGA, no que se comproba como o adverbio modal, en contextos interaccionais, facilita a preservación da imaxe do falante/escritor. Como conclusión do estudo, Míguez extrae a tese da existencia dunha asimetría no uso estratéxico dos adverbios epistémicos. Por unha banda, os adverbios de posibilidade (*quizais*, *se cadra*) presentan algúns usos estratéxicos, de pouca relevancia cuantitativa. Pola outra, os adverbios de probabilidade (*seguramente*, *probablemente*, *posiblemente*) son maioritariamente modais epistémicos. Isto quere dicir que os adverbios de probabilidade e posibilidade conxuntamente (*seguramente*, *probablemente*, *posiblemente*, *quizais* e *se cadra*) cumpren unha función máis epistémica ca pragmática (80% dos empregos son de modalidade epistémica). Sinala o autor: “Mitigation is the only non-epistemic use shared by all of them, although it has little quantitative significance (<7%). In this use, the adverbs downplay the force of the assertion in order for the speaker/writer to sound less aggressive.” (páx. 183). Pola contra, o adverbio *certamente* emprégase de forma estratéxica na maioría dos casos e poucas veces con valor modal. De feito, resulta ser a forma adverbial máis desviada na mostra, xa que recoñece que a modalidade epistémica non é o seu significado principal. O autor xustifica esta desviación no feito de que “marcar explicitamente a certeza é redundante (é dicir, incumpre a máxima de cantidade),” alén de que “marcar a certeza podería percibirse como unha forma de transmitir a superioridade cognitiva do falante, resultando así ameazante para o interlocutor”. (páx. 184; tradución nosa). Como consecuencia, a certeza epistémica xorde moi illadamente no corpus. Por este motivo, contidos como o reforzo pragmático, o valor concesivo, o coñecemento compartido e a intersubxectividade son os valores máis recorrentes no corpus. Porén, o autor sinala que os valores pragmáticos de reforzo de *certamente* “adoitan ser ambiguos cos usos epistémicos” sen que exista a capacidade de desambiguar ambos os dous empregos (“*certamente* permite ambas as dúas interpretacións: ou ben transmite que o falante considera que hai un 100% de probabilidade de que o Estado de Asuntos (SoA) se aplique (é dicir, modalidade epistémica), ou ben que afirman enerxicamente que o que din é certo (é dicir, reforzo)” (páx. 160; tradución nosa). A diferenza que se defende no libro entre o reforzo pragmático e o contido de certeza é unha cuestión que cómpre estudar máis polo miúdo. O capítulo 8 remata cunha análise da influencia exercida pola posición do adverbio e polo rexistro oral no significado modal, ao tempo que aporta algunhas implicacións diacrónicas destes adverbios.

Remata o volume co capítulo 9, *Conclusions*, onde se revisan brevemente algunhas cuestións dos capítulos anteriores e abre liñas de investigación futuras.

Como conclusión, o libro partiu do obxectivo de remediar a ausencia de investigacións sobre a modalidade dende unha perspectiva galega, obxectivo que cumpre sobradamente. Na súa lectura asístese, na primeira e segunda parte, a unha revisión pormenorizada de diversas

aproximacións teóricas, ademais, de á discusión das relacións da modalidade con categorías lingüísticas afíns, como o tempo, o aspecto, o modo e a evidencialidade, (inter)subxectividade e a mitigación. Resultan interesantes as reflexións de como as diferentes modalidades carecen de cohesión interna, así como tamén é novidosa a proposta do concepto de mitigación restrinxido á protección da imaxe na que habería que profundar. Baseada nesta revisión crítica, é notable a alternativa para a comprensión das categorías modais, se ben require un estudo profundo das consecuencias da ampliación a valores actitudinais afectivos. Neste sentido, é valioso o contraste que realiza con outras concepcións tradicionais, o que o leva a eliminar a modalidade dinámica, reaxustar a deóntica e facer emerxer a modalidade inferencial e afectiva.

A metodoloxía empregada para o estudo de corpus, na terceira parte, foi especialmente rigorosa grazas a tomar en consideración numerosas variables pertencentes a varios niveis de análise. Co fin de ofrecer unha visión detallada e completa da expresión adverbial da modalidade, a análise abordou os tres graos: o grao de certeza (*certamente*), a probabilidade (*seguramente, probablemente, posiblemente*) e a posibilidade (*quizais, se cadra*). Unha fortaleza significativa do volume é, sen dúbida, o estudo minucioso destes adverbios, das súas propiedades sintagmáticas e pragmáticas, así como a exhaustividade coa que o autor tratou os datos obtidos. Pódese afirmar que tanto a profundidade coa que recolle os distintos puntos de vista na parte teórica, como a minuciosidade coa que presenta os resultados da análise do corpus fan que o libro resulte moi enriquecedor. En definitiva, este traballo ofrece unha exploración pioneira e imprescindible para calquera interesado/a na modalidade en galego.